**Número 2** **Abril 2005**

Nova revista universitària: Vols que continuï?? Envia'ns els teus articles a: TRANSVERSAL2004@YAHOO.ES!!! ANIMA't!!!!!!
Tu també en pots formar part!!!

# TRANSVERSAL

## L'EUROPA DE LES NACIONS




Font: www.eurominority.org

Europa és un continent amb una llarga història al darrere, que ha passat per conflictes diversos majoritàriament relacionats directament amb el territori. El canvi de fronteres ha estat constant, establint tant límits naturals com artificials que en la majoria dels casos s'han convertit en veritables fronteres geogràfiques. El mapa que habitualment observem del continent europeu no cohincideix amb les nacions que habiten al seu territori, fet que converteix conceptes com regió, nació o país en conceptes amb múltiples interpretacions que ens porten a questionar si és possible identificar-nos només amb aquella que se'ns imposa. Com a geògrafs ens hauríem de fer la següent pregunta: l'actual divisió administrativa dels estats respon a la realitat geogràfica que perceben els seus habitants?

## SUMARI

1. **Campaments Saharauis**. [Leo Carbó / Juliette Lemerle]
2. **Recogida de materia orgánica**. [Sara Hernández]
3. **Achegamento á xeografía na República de Irlanda hoxe. O caso de Cork.** [Luis Outeiro / Xoán M. Paredes]
4. **Entrevista a Àlex Tarroja** [extreta de "*Sostenible. Revista xarxa de ciutats i pobles per a la sostenibilitat*"]
5. **Curiositats geogràfiques.** [Redacció]
6. **El que penso de la geografia a la universitat.** [Alexis Sancho]

REVISTA DELS ESTUDIANTS DE GEOGRAFIA
www.ub.edu/geohum/departamento/estudiants.htm

# CAMPAMENTS SAHARAUIS

**Al sud de Tindouf s'estén el que ha estat durant segles terra de ningú o, millor dit, terra de tots, ja que sols els nòmades del desert hi deixaven veure la seva gosadia. Aquest aspre territori acull avui al poble Saharaui, exiliat després de l'expulsió a què foren sotmesos pels marroquins fa vint-i-set anys. Els saharauis sobreviuen gràcies a l'ajuda internacional i a les accions solidàries particulars.**



Els campaments estan localitzats a l'espai algerià que es troba entre Tindouf i les fronteres marroquina i mauritana. Tot i la precarietat de les condicions, el Front Polisari intenta organitzar la vida dels saharauis i negociar la resolució del conflicte. Han dividit el territori en quatre *wilaias*, fent coincidir el seu nom amb les principals províncies del Sàhara Occidental. A la vegada, aquestes són dividides en *dairas* que tenen el nom de ciutats saharianes i estan fragmentades en quatre barris.

Dajla, el campament on passem una setmana, és el més aïllat de tots. La seva comunicació amb la resta és dificultosa. Es troba a unes quatre hores de Tindouf amb "landrover", en el millor dels casos. La carretera que estan construint per conectar-lo amb la resta dels campaments queda encara molt lluny de l'acabament. Malgrat la mancança d'infraestructures viàries, hem pogut observar que existeix una xarxa de serveis bàsics. A banda de l'hospital general comú a tota la *wilaia*, cada *daira* compte amb un col.legi, un consultori mèdic, un petit nucli de botigues, les institucions administratives corresponents; i algunes fins i tot disposen d'un local social al servei de la població.

Destacaríem el paper clau que el Front Polisari reserva a l'educació. Ho prova l'ampli nombre de col.legis, la presència d'un professorat qualificat, així com la posada en marxa a Dajla d'una escola especial per a discapacitats mentals.

Tots aquets serveis es desenvolupen en difícils condicions que la dependència material imposa. Els metges, infermers, mestres i treballadors de l'Administració no reben sou pel treball desenvolupat. També hem pogut constatar que el Front Polisari fa participar els presos marroquins a les obres públiques i pel que hem pogut veure sembla que són tractats dignament. No fa falta dir que als campaments no es poden realitzar estudis universitaris, ni tan sols secundaris, ja que tota formació d'aquests professionals s'ha de realitzar fora del seu territori. Quin país se solidaritzaria possibilitant els estudis als saharauis? Doncs, Cuba. Això pot explicar d'on ve la importancia vital que donen els saharauis a l'alfabetització de la societat. La influència espanyola en aquest camp fou zero, ja que testimonis dels temps colonials afirmen que les escoles brillaven per la seva absència. Aquesta reflexió mereix ser aprofundida però escapa a l'objecte d'aquest artícle.

La cohabitació amb una família saharaui ens va permetre apropar-nos a la seva manera de viure. Malgrat la situació geopolítica, les tradicions són mantingudes en la mesura del possible. El conflicte reté molts homes a l'exèrcit, el qual revifa el paper de la dona dins dels campaments. Per exemple, el grup conseller que participa en la resolució dels problemes esdevinguts a cada *daira* es majoritàriament format per dones. A nivell familiar ens crida l'atenció la responsabilitat adjudicada a la filla gran. Podem dir que és ella exclusivament qui s'encarrega de les tasques diàries: fer el pa, cuidar dels nens, portar aigua a casa, ocupar-se de les cabres... Aquesta societat, aparentment ben organitzada, està mancada d'un sentit primordial de la higiene. Tot i que porten quasi trenta anys als campaments, no han establert un sistema eficaç de banys ni tampoc una solució per a les deixalles, que es van acumulant als entorns dels campaments i que el xaloc s'encarrega de repartir per tot el desert.

Les famílies afortunades poseeixen cabres, les cuals tenen distribuïdes entorn de les *daires* als seus precaris corrals. Malgrat l'escassetat d'aquest bé, els saharauis intenten mantenir la costum que consisteix a matar una cabra per als seus hostes, així com, l'oferiment de llet de cabra com símbol d'amistat.

Aquest és un poble que dóna vida a un espai que es nega a viure. Un poble que no sap quant temps podrà resistir en aquest territori-presó que li ha cedit Algèria. Vint-i-set anys són molts per mantenir les arrels (la seva historia, cultura, geografia...). Molts són els nens que ja són homes i no coneixen els seus orígens; i un poble sense origens, sense part de la seva memòria, deixa de ser un poble. Malauradament, això sembla ser el que estan esperant l'ONU i els governs espanyol i francès.

**Leo Carbó / Juliette Lemerle**

## RECOGIDA DE MATERIA ORGÁNICA

Los residuos municipales en el área urbana de Barcelona han aumentado de forma espectacular, con motivo de la gran cantidad de envases y envoltorios que las nuevas formas de producción y terciarización han impuesto. Por ello en 1996 se presenta El Plan Metropolitano General de Residuos Metropolitanos (PMGRM), que fijó para el año 2006 un objetivo de recuperación del 30% de reciclaje de materia orgánica sobre el total de los residuos. Los objetivos del PMGRM se basan en la reducción de residuos en origen, la máxima recirculación de los materiales, la potenciación de la segregación y la valorización de los residuos.

Podemos afirmar que la materia orgánica es, en peso, la fracción mayoritaria de los residuos domiciliarios. La podemos clasificar, según su origen, en domiciliaria, de generadores singulares y de poda vegetal.




La recogida de materia orgánica domiciliaria conlleva la implicación de los ayuntamientos, ya que viene acompañada de campañas de educación ambiental y de comunicación. En la mayoría de los casos, se reparte a todos los domicilios un contenedor marrón o con tapa de color marrón específico para esta recogida. Para el ciudadano supone un cambio de hábitos y una mayor participación, ya que la realización de la separación de la materia orgánica en el hogar lleva asociado un efecto multiplicador de la separación de las otras fracciones.

Una vez recogida la materia orgánica y los restos de poda y jardinería del área metropolitana se llevan a hacer compost en las plantas de Castelldefels y Torrelles de Llobregat (en la fotografia), también se dispone de convenios con las plantas del Consejo Comarcal del Baix Camp, en Botarell; del Ayuntamiento de Sant Cugat del Vallès y del Consorcio para la Gestión de los Residuos del Vallès Oriental, en Granollers.




Desde agosto de 2001 se dispone del Ecoparc Barcelona, y desde el año 2004 del Ecoparc Montcada. Estas instalaciones de tratamiento integral de los residuos tienen como una de sus principales líneas de proceso el tratamiento de la materia orgánica para obtener compost.

| | *Toneladas materia orgánica* | *Toneladas compost producido* |
|---|---|---|
| *Torrelles de Llobregat* | 3.362 | 143 |
| *Castelldefels* | 10.006 | 2.069 |
| *Sant Cugat del Vallès** | 4.261 | 790 |
| *Granollers** | 1.075 | 157 |
| *Ecoparc Barcelona* | 77.428 | 2.490 |
| *Total* | 96.432 | 5.649 |

**Toneladas aportadas por municipios metropolitanos.*

El Ecoparc es un complejo de tratamiento que combina en un mismo recinto varias instalaciones para valorizar los diferentes tipos de residuos. Con respecto a la materia orgánica, se contribuye a la reducción del efecto invernadero, ya que minimiza considerablemente las emisiones de dióxido de carbono y metano en la atmósfera.

Las características más significativas de los Ecoparques del área metropolitana de Barcelona se relacionan en la tabla siguiente:

| | **Barcelona** | **Montcada i Reixach** | **Mediterráneo** |
|---|---|---|---|
| Superficie (ha) | 6 | 8 | 1,1 |
| Capacidad de tratamiento (t/año) | 300.000 | 240.000 | 260.000 |
| Prod. Biogas (mill. m3/año) | 14 | 12,6 | 12 |
| Prod. Electricidad (mWh/año) | 22.000 | 16.000 | 11.000 |
| Prod. Compuesto org. (t/año) | 56.000 | 38.000 | 40.000 |
| Subproductos recuperados (t/año) | 18.000 | 23.000 | 29.700 |

A diferencia de un ecoparc, en una planta de compostaje se tratan únicamente los residuos orgánicos y de jardinería para convertirlos en compost. Este proceso se divide en las siguientes etapas: en un primer momento, se trituran las materias vegetales que provienen de jardinería, a continuación, el producto que se obtiene se mezcla con los restos alimentarios orgánicos que provienen de la recogida selectiva de los hogares, y los mercados. Finalmente, el proceso finaliza con la descomposición de la mezcla obtenida y la maduración en depósitos.

El compost es un abono que se puede utilizar tanto en el ámbito de la jardinería como en el de la agricultura. Desde que los restos orgánicos llegan a la planta hasta que han pasado por todos los estadios de elaboración natural, el tratamiento tiene una duración aproximada de noventa días. El proceso en si imita lo que ocurre en un medio natural cuando la materia se transforma, pero lo hace de manera acelerada. Estos procesos se llevan a cabo en compartimentos, lo cual incrementa la velocidad de transformación en compost y evita la emanación de malos olores.

El aprovechamiento de estos residuos hace que se reduzca la cantidad de toneladas destinadas a tratamientos finalistas, en plantas incineradoras o depósitos controlados y, por tanto, también disminuye la carga medioambiental.

Para finalizar, simplemente destacar que el éxito de la recogida selectiva radica en la educación ambiental de los ciudadanos.

**Sara Hernández**

"As a young man, my fondest dream was to become a geographer. However, ... I thought deeply about the matter and concluded it was too difficult a subject. With some reluctance I then turned to physics as a substitute. "

**Albert Einstein**, physicist

"De jove, el meu gran somni era ser geògraf. No obstant això, després de reflexionar-hi llargament, vaig arribar a la conclusió que era una disciplina massa complexa. I amb una certa reticència, em vaig decantar per la física com a substitut."

**Albert Einstein**, físic

# ACHEGAMENTO Á XEOGRAFÍA NA REPÚBLICA DE IRLANDA HOXE. O CASO DE CORK.

**Resum**
Aquest article constitueix un petit informe sobre l'estat actual de la realitat de la ciència geogràfica a la República d'Irlanda. Després d'una breu aproximació històrica, es desenvolupa en deteniment el paper de la geografia en l'educació pública. Finalment, l'article analitza la situació dels geògrafs professionals irlandesos i, en general, de la geografia irlandesa, més enllà dels límits estrictament acadèmics.

**Abstract**
This article constitutes a short report on the present state of Geography and the geographical practice in the Republic of Ireland. After a brief historical approach, much attention is paid to the role of Geography in public education. Moreover, the study of Geography at the Irish university level is also discussed through these pages. Finally, this article examines the situation of professional Irish geography and geographers, also beyond the strictly academic bounds.

## Introdución

**A escola xeográfica irlandesa mantívose até os comezos da independencia do país (1921) totalmente vencellada á tradición académica británica e por ende anglo-saxónica**. Aínda hoxe en día pódese afirmar que a xeografía irlandesa atópase imbuída de cheo no mundo académico e profesional anglo-saxónico, se ben que con certas matizacións.

*É certo que desde os anos 50 do século XX a xeografía irlandesa comezou a deseñar o seu propio camiño*, achegando unha visión particular á xeografía en lingua inglesa. Máis tarde, a partires dos *anos 70 do pasado século, a xeografía irlandesa comezouse a relacionar máis con aquilo que estaba a acontecer nos EE.UU. que coa xeografía británica tradicional*. Por outra banda, o sistema educativo da República de Irlanda é ben semellante ao de outros países de lingua inglesa, e o mesmo acontece co estudo da xeografía, desde a primaria até á universidade. *Asemade, as saídas profesionais dun graduado en xeografía por unha universidade irlandesa serán case idénticas ás de calquera outro nun país de fala inglesa*. Malia todo, a xeografía irlandesa presenta un carácter propio e particular, con claros e escuros.

Porén, e despois dunha breve introdución histórica, tentaremos desbullar a través destas liñas o que é a xeografía irlandesa actual: o seu ensino e as súas saídas profesionais. En definitiva, tentaremos expor - na medida do posíbel - un panorama xeral do que é a xeografía na República de Irlanda hoxe en día, escollendo o caso do condado (e universidade) de Cork como caso de estudo, xa que logo, é aquilo que coñecemos persoalmente e máis polo miúdo. Inevitabelmente, poñeremos isto en contraste coa nosa experiencia como xeógrafos galegos.

## As xeiras da xeografía irlandesa

*Irlanda foi colonia, e coma tal non se beneficiou da vangarda xeográfica británica nin sequera no S. XIX*, en pleno apoxeo das "sociedades xeográficas", das que o Reino Unido era paradigma. Realmente, era a través das ditas sociedades de "exploradores e xeografía" como o Imperio Británico recompilaba a información logo crucial para impor unha máis efectiva colonización, incluída a da illa de Irlanda. *Así, e malia contar con diversas universidades (a propia de Cork, do 1845, era unha das moitas Queen's Universities, ou 'Universidades da Raíña'), Irlanda non coñeceu de primeira man a disciplina xeográfica deica a independencia do país.* Os xeógrafos irlandeses até entón tiñan que, irremisibelmente, emigrar á metrópole para completaren os seus estudos e emprenderen exitosamente unha carreira como investigadores. Por conseguinte tamén é doado ver que, pese a todo, foi a escola xeográfica británica a que enchoupou por completo as primeiras andainas da xeografía irlandesa despois de 1921, data da independencia.

Co Estado Libre de Irlanda (1921-1936)[1] a xeografía irlandesa coma tal comezou, moi lentamente, a se desenvolver. A xeografía tiña sido unha materia de grande importancia nos currículos das escolas monásticas da Irlanda céltica, desde o S. VI até o XI. *Aínda así, no 1923 unha crítica editorial no xornal Irish Times indicaba que en Europa tan só Albania, Letonia e o Estado Libre de Irlanda non contaban cun plan de xeografía nas súas universidades (Gillmor e Thomas, 2000)*. O estudo da xeografía limitábase a diversas materias soltas noutras carreiras, que trataban de esguello temas xeográficos. *Nas escolas ensinábase unha xeografía descritiva, orientada a un apresurado proceso de reconstrución nacional, é dicir, unha xeografía de datas e lugares "máxico-simbólicos" do pobo irlandés*. Tan só os futuros mestres de escola primaria e secundaria estudaban a materia de xeografía coma tal na universidade, xa que máis tarde deberían impartila aos seus alumnos. Que dicir ten que a práctica profesional de xeografía ficou, en consecuencia, cinguida unicamente a un cativo mundo académico. Por exemplo, cando en 1934 se fundou a aínda vixente *Geographical Society of Ireland*, esta era en principio un "club" de ensinantes de xeografía, máis que unha asociación profisional.

*O primeiro departamento de xeografía como tal nunha universidade da illa aparece, aliás, na*

[1] É no 1936 cando *o Free State of Ireland* pasa á denominación actual de *Republic of Ireland*.

*parte británica, na Queen's University of Belfast, baixo a dirección de E.E. Evans*. Na zona independente *o "diploma" en xeografía (a titulación en si) aparece no 1930 dentro do departamento de Arts*[2] *no Trinity College Dublin, baixo a dirección de T.W. Freeman*. O *Trinity* (TCD) sempre se caracterizou por ser a institución académica irlandesa máis tradicionalista, para alguns mesmo "britanizada". De feito, a xeografía irlandesa evolucionou nos seus comezos sen un referente claro, xa que a tensión política co Reino Unido desde a independencia (até entón o seu guieiro fundamental) durou até a II Guerra Mundial (1939-1945), e isto botaba por terra toda posíbel colaboración ou achegamento, máis ben o contrario.

*Na Universidade de Cork (UCC) o estudo da disciplina de xeografía comezou pouco despois, en 1932, aínda que vencellada nun departamento misturado á xeoloxía deica 1948; de aquí xurde precisamente a tradición e forte pegada da xeografía física en Cork*, moi vixente aínda até os nosos días, como veremos un pouco máis adiante. *No 1950 aparece o departamento de xeografía da Universidade de Dublín (UCD). Nembargantes, a primeira cátedra (chair) de xeografía na República só chegou no 1959 da man de C.S. O'Connell, na Universidade de Cork*. A universidade de Belfast conseguira-a con anterioridade en 1945.

Logo, paseniñamente, aparecen os departamentos de xeografía nas universidades de Galway (1962) e Maynooth (1971). *Nas universidades de Limerick e St. Patrick's (Drumcondra) o estudo de xeografía introduciuse a partires dos 70, aínda que estas universidades non contan con departamentos de xeografía como tales (a xeografía anda diluída entre as faculdades de Arts e Humanities, e a través de diversas titulacións)*.

A aparición destes últimos departamentos produciu-se en plena viraxe cara á xeografía norteamericana do momento, en especial seguindo a pegada da escola de Berkley e Carl Sauer, coxunturalmente apoiado pola crise da escola británica tradicional, ancorada no XIX e totalmente desfasada desde mediados do S. XX. Tamén aquí a xeografía irlandesa entroncou de pleno coa xeografía cuantitativa (a "revolución cuantitativa") e aplicada, base do futuro profesionalismo xeográfico ao que logo adicamos un apartado. Desta maneira, a xeografía irlandesa sitúase na vangarda da xeografía en lingua inglesa, ao ronsel dos Estados Unidos.

Só será tras a morte de Sauer en 1975, e pouco despois cando xurde a chamada "Nova Xeografía Cultural" (o *Geographical Turn*), que entra con forza nos 80, cando a xeografía británica tente retomar o seu papel líder no mundo xeográfico anglo-saxónico. En verdade, a xeografía británica quíxose reformar e para iso concentrouse de cheo nesa "nova xeografía (cultural)", eclipsando aos esforzados norteamericanos e erguéndose en referente da vangarda xeográfica desde os anos 90 do século que recén acabamos de deixar atrás. Case que inmediatamente, a xeografía irlandesa - xa nun momento de plena normalidade social e política - non tivo reparos en compartir o camiño aberto polos británicos, iniciándose toda unha serie de contactos e colaboracións entre as dúas illas que resultarían ao fin altamente froitíferas. A xeografía irlandesa continua desta maneira na vangarda, se ben que as súas achegas nos últimos catro ou cinco anos foran cativas e realmente peque de certa cerrazón de cara ao mundo académico non anglo-saxónico. Desde ese punto de vista, pódese considerar que a xeografía irlandesa continua na vangarda simplemente por aproveitar o pulo dos moitos e bos estudos xeográficos publicados en lingua inglesa, pola inercia do seu entorno.

*Seguindo estes vieiros, a xeografía irlandesa dividiuse entre unha rama tradicionalmente moi forte, a da xeografía física, e a da xeografía social e cultural, as grandes materias dentro da xeografía humana anglo-saxónica*. Paradoxal, e afortunadamente, serán os propios xeógrafos sociais e culturais os que (precisamente, seguindo os postulados da "nova xeografía") tenten abranguer un enfoque o máis aberto e ecléctico posíbel, e así desde mediados dos 90 son eles os que tentan casar de novo a xeografía humana e física a través de estudos aplicados en áreas como medioambientalismo, ordenación e planificación territorial ou incluso xeografía da percepción.

Seguindo co dito anteriormente, é nos 90 (S. XX) cando a xeografía irlandesa abre-se, moi tarde e timidamente, ao mundo académico non anglo-saxónico, e isto coincide principalmente coa aparición de traducións de Foucault en lingua inglesa, pois unha das principais rémoras do xeógrafo irlandés é a súa pouca capacidade para se internar en textos e ideas fóra do ámbito do inglés (agás notábeis excepcións, por suposto) (Nally e Costello [eds.], 2000). Nos 90 dáse o achegamento da influínte A. Buttimer á xeografía non anglo-saxónica en xeral e Francesa en particular, ou o ben coñecido caso de P.

[2] Concepto que engloba todo aquilo que non sexan ciencias naturais, exactas ou carreiras técnicas. Dito doutro modo, todo aquilo que si estea relacionado coas ciencias sociais, humanidades, linguas e belas artes. As económicas andan nun difuso termo medio, dependendo da universidade. A xeografía é habitualmente a única disciplina que pertence tanto á faculdade de *Arts* coma á de *Sciences* (véxase o caso de Cork).

O'Flanagan para o caso Atlántico-Ibérico en xeral e galego moi especialmente.

**O ensino público (a primaria e secundaria)**

Os estudos xeográficos tal e como se entenden hoxe en día no ensino público de Irlanda atópanse baixo ameaza. O ensino da xeografía na primaria basea-se nunha estraña amalgama de todo o que se supón relevante na actualidade do globo. A importancia da xeografía, no que a tempo lectivo se refire, está a ser cada vez máis sacrificado no canto de outras materias con menos importancia no pasado. Semella como se aqueles responsábeis polos plans de ensino non estiveran a ver a necesidade real do coñecemento xeográfico, limitándose de novo a unha mala xeografía descritiva, deixando a nosa ciencia en vías de se transformar no que coloquialmente chamaríamos unha "asignatura maría".

**Figura 2.** Estruturación dos plans de estudo de Xeografía na primaria e secundaria

| | *Idades* | *Carga lectiva* |
|---|---|---|
| Primaria | 7-13 | 1 hora/semana |
| Secundaria (obrigatoria) | 13-15 | 3 aulas de 45' / semana |
| Secundaria (opcional) | 15-17 | 3 aulas de 45' / semana |

Fonte: O'Donnell (2000); elaboración propia.

En vista desta situación, os profesionais da ensinanza de xeografía en Irlanda consideran insuficiente este planeamento educacional en aras de achegaren ao alumno unha visión alén da xeografía descritiva. Embora iso, tamén denuncian a necesidade de posuír máis tempo de aulas co gallo de remataren os programas anuais, que sempre fican incompletos. Proponse así mudar formalmente os planeamentos de maneira que a carga lectiva da xeografía pase a ter unha importancia que até o momento so están a gozar a lingua inglesa, irlandesa e as matemáticas. É tamén rechamante como moitas veces os encargados de impartir a materia na secundaria non teñen ningunha caste de preparación formal en xeografía. Isto ven dado pola necesidade das escolas a maximizaren o seu persoal, rendibilizando máis dunha persoa que poida dar varias asignaturas.

**Figura 3.** Proposta de carga lectiva en Xeografía para a secundaria (acorde con O'Donnell, 2000)

| | |
|---|---|
| *Primeiro curso de secundaria* | 3 horas/semana |
| *Segundo curso* | 3 horas/semana |
| *Terceiro curso* | 4 horas/semana |

Fonte: O'Donnell (2000).

A primaria, en verbas da profesora K. Hurley[3], está ficando para os nenos coma unha aula de descrición do medio, na que os cativos tentan recoller as análises básicas máis inmediatas da súa realidade. Lamentabelmente, hai un programa oficial a cumprir e o mestre ou mestra non ten grande capacidade de decisión á hora de tentar amplialo ou darlle un enfoque máis aquelado.

A mesma K. Hurley aponta unha análise encol da secundaria, baseada na súa anterior experiencia de profesora na *Christian Brothers Secondary School*, no condado de Kildare: Sen mudar moito a liña da primaria, tiramos en resumo unhas consecuencias bastantes negativas, que confirman unha ensinanza dunha xeografía "de circunstancias", é dicir, unha xeografía descritiva e enumeradora de feitos, timidamente tinguida de temas de actualidade. A gran diferencia coa primaria é que na secundaria os alumnos xa elevan a descrición ao panorama europeo, embora que con dubidosos resultados. Ao fin, todo fica nas mans do profesor; na capacidade, ben facer e iniciativa do formador, dentro das limitadas posibilidades e abondosas carencias.

En resumo, esta escasa e polo xeral deficiente formación xeográfica contrastará grandemente co que o alumno vai atopar na universidade tras o *leaving certificate* (equivalente á antiga "selectividade"), como agora veremos. O máis grave será, de todas formas, a minguada capacidade analítica e crítica do estudante, afeito á simple enumeración de feitos e cousas, sen comprensión real, e recitado do memorizado.

**O nivel universitario**

A xeografía nas universidades da República de Irlanda contrasta radicalmente co que é o ensino da xeografía na primaria e secundaria. A visión do académico profesional en xeografía tamén é algo distinta do que se entende na realidade galega. Nun nivel universitario, a xeografía transfórmase de súpeto nunha vocación altamente especializada e cun alto grao de demanda nos estudos de postgrao, onde a investigación e a capacidade de producir resultados, normalmente en forma de publicacións, é requisito ineludíbel. O concepto de partida en Irlanda é que a universidade ten que formar profesionais, nun tempo recorde de tres anos (*graduates* ou *BA/BSc*[4]), se ben que é moi

[3] Na actualidade mestra no *Primary School of the Ursulines,* Carrigaline, Condado de Cork. K. Hurley foi entrevistada para este artigo o 18 de Xaneiro do 2003.

[4] BA: *Bachelor of Arts*. Este título indica a finalización da carreira de xeografía en si, que abrangue tres anos e unha pequena tese. No caso de un se especializar en

habitual continuar cun *HDip*[5] (dun ano), máster (*MA*[6], dun ano; *MPhil/MSc*[7], de dous), ou doutoramento (*PhD*[8]), se o que se pretende é continuar no mundo académico ou ocupar un alto cargo na administración pública.

A xeografía na universidade irlandesa non está condenada, en absoluto, ao ostracismo ao que estamos afeitos na Galiza, e isto tamén está intimamente vencellado á concepción profesional que da xeografía se ten por estas terras, como veremos no seguinte apartado. É máis, na universidade de Cork, por exemplo, o departamento de xeografía está considerado como o "máis importante" ou "influínte" dentro das *Arts*, aínda que teña tamén un pé na faculdade de *Sciences*. Os recursos cos que normalmente conta un departamento de xeografía en Irlanda son relativamente elevados para o normal entre as humanidades ou ciencias sociais, e definitivamente sitúanse alén do que poidéramos considerar para a realidade galega. Na sección de xeografía física, poñendo por caso, o Centro de Investigacións Litorais e Marítimas de Irlanda[9], un centro pertencente ao departamento de xeografía de Cork, conseguiu no 2001 unha subvención multimillonaria por parte do goberno irlandés grazas á súa innovadora e prolífica produción científica. É normal que os departamentos de xeografía contén cunha serie de centros e sub-centros de investigación encargados do estudo de temas e/ou áreas específicas, traballando de forma semi-independente. Gillmor e Thomas (2000) estipulan que hai algo máis de cen persoas traballando a tempo enteiro nos departamentos de xeografía do país, iso contando só profesores titulares, que non posgraduados, visitantes, persoal a tempo parcial, etc. De novo tomando o exemplo de Cork, ten habido nos últimos tempos unha media de entre 40 e 60 estudantes de posgrao cada ano, con máis de 100 alumnos matriculados para primeiro curso; estas cifras dan idea da dimensión e popularidade da xeografía como opción educativa e, idealisticamente, profesión. Evidentemente, estas cifras son rechamantes e entran en claro contraste co caso galego, embora resulten cativas na opinión de Smyth (en VV.AA. 1984).

Adicionalmente, os departamentos de xeografía ofrecen máis titulacións que meramente o diploma de xeografía[10]. No caso de Cork, un pódese graduar non só en xeografía, se non que (a través do mesmo departamento) é posíbel acadar un título en "estudos ambientais"[11] ou "estudos europeos"[12] (estes últimos en colaboración co departamento de historia e diversos departamentos de linguas). Á marxe, o sistema de titulacións no mundo académico anglo-saxónico permete titulacións misturadas, é dicir, a xeografía pode ser a materia principal (*single honours*) ou secundaria (*joint honours*) dentro do currículo do estudante[13]. Esta

---

xeografía física e non humana o título recibido é o de BSc (*Bachelor of Science*).

5 HDip: *Higher Diploma*. Un ano extra de estudos especializados, con clases programadas, sen tese. É habitual facer estes "diplomas" noutra disciplina, por exemplo maxisterio, que poida abrir máis as opcións de emprego. Non é corrente facer un HDip en xeografía; a Universidade de Cork, por exemplo, non oferta esa posibilidade.

6 MA: *Master of Arts*. Un ano extra de estudos especializados, con clases programadas. Cada departamento ou centro ofrece uns programas específicos. A diferencia co HDip é que no MA si que se presenta unha tese de investigación ao fin do ano. Non se fai diferencia entre unha especialización en física ou humana.

7 MPhil: *Master of Philosophy*, para a xeografía humana, usando unha formula ritualística (de aí a referencia á "filosofía"). O MPhil non contempla a asistencia a clases como o HDip ou o MA, e desenvólvese (como mínimo) en dous anos de investigación pura e máis exaustiva, resumida nunha tese que viría a equivaler unha tesiña no contexto galego. No caso de especialización en xeografía física este título leva o acrónimo de MSc (*Master of Sciences*).

8 PhD: *Philosophy Doctorate*. Equivale a unha tese de doutoramento normal. É común que se requira un MA ou MPhil/MSc previo para poder acceder aos estudos de PhD, como demostración da suficiencia investigadora. En ocasións, cando un MPhil/MSc acada un determinado grao de complexidade e desenvolvemento, é automaticamente proposto para tese de PhD. Sexa xeografía física ou humana, o título é sempre o de PhD.

9 O *Coastal and Marine Resources Ce*ntre (CMRC), anteriormente chamado *Irish Centre for Coastal Studies*, pertence ao departamento de xeografía da universidade de Cork, mais este é un centro semi-independente de ámbito nacional, e que, de feito, desenvolve proxectos de investigación oceanográfica para o Goberno Irlandés. A súa páxina web é: http://www.ucc.ie/ucc/research/crc/

10 Son os respectivos departamentos os principais encargados da elaboración dun plan de estudos en xeografía. Non existe un consenso claro entre departamentos ou unha política nacional, embora recomendacións xeneralistas.

11 Detalles da titulación en *Earth Sciences* en www.ucc.ie/ucc/depts/geography/course/earth/htm.

12 Véxase en www.ucc.ie/ucc/admin/registrar/modules/descriptions/page021.html.

13 Para a consecución dun título téñense que completar 60 créditos. No caso dun *single honours* 50 pertencen a unha disciplina principal e só 10 a unha secundaria (ao xeito de "libre configuración"); no caso dun *joint honours* requírense 30 créditos para cada disciplina (é a

complementación pode ser temática, como no caso dun diplomado en xeografía-xeoloxía, xeografía-historia, etc. ou pode estar encamiñada á procura dun fin laboral específico, como por exemplo, xeografía-*commerce*[14] ou xeografía-maxisterio (se o que se pretende primeiramente é acceder ao mundo do ensino non-universitario). Unha opción moi común adoita ser combinar unha materia principal (neste caso xeografía) co estudo dunha lingua, se ben é doado que se dean combinacións aparentemente estrañas (pero perfectamente factíbeis) como xeografía-música, xeografía-matemáticas, etc. Fóra da xeografía mesmo coñecemos dun caso de diplomatura en inglés-matemáticas... Normalmente a enrevesada natureza destas titulacións "á carta" son o principal motivo para recusar a validación de estudos entre universidades anglo-saxónicas e aquelas que non pertencen a ese sistema.

Os departamentos de xeografía en Irlanda apresentan un sistema de funcionamento interno bastante diverxente ao galego. O persoal docente (*staff*) divídese entre os *part-time* (temporais ou de "méia xornada", que poden ou non ser doutores), entre os que se atopan asistentes, axudantes de investigación, etc. e os *full-time* (de "xornada completa"), que soen ser os membros *senior*, ou permanentes, normalmente doutores, embora non sexa este un requisito indispensábel. Estes poden recibir diversos nomes, como *readers* ou *lecturers*, equivalentes ao termo galego 'profesor'. Os estudantes de postgrao forman un corpo intermedio, pois son calificados de *staff* (docentes) de cara aos *undergraduate*s ou candidatos a *BA/BSc*, mais son *students* de cara ao profesorado. Os estudantes de postgrao son frecuentemente considerados como profesorado auxiliar, ou titores, e sempre acaban por exercer labouras de ensinanza e actividades administrativas dentro do departamento; desde este punto de vista as funcións, status e obrigas dos posgraduados na universidade irlandesa exceden con moito a aquelas do posgraduado/bolseiro galego[15].

O número de catedráticos (*professor*) determínase non tanto polo tamaño dos departamentos e número de alumnos, se non polos méritos académicos individuais. De entre os catedráticos elíxese o máis relevante (en base ao seu currículo) ou con maior antigüidade, que será o xefe de departamento (*head of the department*). Nalgúns casos só o xefe de departamento recibe o título de *professor*, mentres que os outros catedráticos son *associated professors* (catedráticos asociados). A diferencia do caso galego, o posto de xefe de departamento non é rotativo nin de carácter meramente administrativo, se non que vai acompañado dun poder real e dunha maior remuneración económica. De feito, é o xefe de departamento o que marca as liñas de investigación a seguir, o que propón ou rexeita definitivamente toda política departamental, o encargado de negociar as partidas económicas coa reitoría, etc. A universidade irlandesa ten un funcionamento que asemella moito ao dunha empresa[16], onde se procuran resultados tanxíbeis, e nese organigrama un xefe de departamento é un "director xeral".

A especialización nas investigacións dentro dun departamento son variadas, pero hai unha serie de temas recorrentes en Irlanda e que tal vez non sexan tan comúns na Galiza. Dentro do campo da xeografía física adoitan ter unha grande sona os estudos climáticos, medioambientais e litorais; a xeomorfoloxía, poñendo por caso, déixase frecuentemente nas mans dos xeólogos, de maneira case exclusiva. No campo da xeografía humana destácase o interese pola "nova xeografía cultural" (incluíndo o posmodernismo xeográfico). Salienta tamén a preocupación por temas puntuais doutras ramas,

---

partes iguais). Pode ser que para o curso 2003-04 se introduza unha terceira opción, aínda por definir.

[14] *Commerce* fai referencia a estudos de económicas, así como *business* son empresariais.

[15] É interesante engadir que desde 1999 ven-se desenvolvendo unha atractiva iniciativa na que participan diversas universidades, tanto da república como do norte, e que consiste nunha reunión anual dos estudantes de posgrao da illa. Dáse-lle o nome de *Irish Postgraduates Training Congress for Geography*, celebra-se sempre na vila de Navan (condado de Meath, por riba do de Dublín), e vai organizado polo chamado *Irish Postgraduate Training Consortium*, que non é máis que un nome formal para un proxecto de colaboración interdepartamental. Este congreso é independente do congreso anual de xeografía de Irlanda, que une aos profesionais tanto do norte como do sur, e que está organizado pola *Irish Geographical Society*, a *Royal Irish Academy* e o departamento anfitrión de turno.

[16] De entre as universidades da República de Irlanda, Galway, Cork, Maynooth e Dublín son campuses da *National University of Ireland* (a universidade pública). Aínda así, a universidade é vista non só como un ente meramente educativo, senón tamén como un dinamizador esencial da actividade económica rexional: unha universidade funciona como unha empresa, e non pode presentar balanzos económicos negativos. De feito, os reitores reciben o nome de *president*. Esta visión economicista da educación superior é frecuentemente criticada con dureza, sobretodo entre os sindicatos estudiantís e estudantes, que moitas das veces han pagar taxas totalmente desproporcionadas e fóra de toda regra en comparación con outros países de Europa. Desde este punto de vista, o carácter "público" da universidade ponse bastante en dúbida. A única contrapartida positiva é a relativa facilidade para conseguir unha bolsa de estudos, aínda sexa pequena.

